



Retallos de mundo: Tesouros do deserto tunisiano

14 de novembro 2021 [Xesús Constela](#)

Unha das mellores experiencias que vivín no que á paisaxe respecta aconteceu no **sur de Tunisia, o país máis pequeno do Magreb, nun lugar de nome Ksar Ghilane**, no decurso dunha mañanciña na que decidín erguerme moi cedo para ir sentar no cumio dunha duna do Sáhara con intención de contemplar o amencer.

https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-de-mundo-tesouros-do-deserto-tunisiano_330109_102/3144257.html

Unha das mellores experiencias que vivín no que á paisaxe respecta aconteceu no **sur de Tunisia, o país máis pequeno do Magreb, nun lugar de nome Ksar Ghilane**, no decurso dunha mañanciña na que decidín erguerme moi cedo para ir sentar no cumio dunha duna do Sáhara con intención de contemplar o amencer.

Aseguro, sen risco ningún de me equivocar, que **foi o alborear máis fermoso que contemplei na miña vida**. Moi devagar, a esfera do sol foi aparecendo fachendosa sobre a liña dun horizonte inabarcábel e comezou a tinguir o mundo dunhas tonalidades vermellas que abranguían todo canto estaba no meu campo de visión. Abofé que nese momento fiquei para sempre namorado do deserto.

Para unha persoa procedente dun país onde a choiva ten unha presenza case constante e colore a o mundo con todas as tonalidades da cor verde, un lugar reseco e árido como o Sáhara, onde as precipitacións semellan unha entelequia, resulta unha paisaxe realmente sorprendente e parece inconcibíbel que sendo tan pouco acolledor como aparenta a primeira vista poida **albergar oasis onde a auga abrolla** con auténtica alegría.

É de xustiza comezar por dicir que nas miñas viaxes a Tunisia, un país do que non gardo máis que gratas memorias pola fonda amabilidade dos seus habitantes, sempre abertos a unha agradábel e acolledora conversa, non fixen nin unha soa ruta que non ficase para sempre marcada polas persoas que coñecín, así que **non podo evitar mencionar un home chamado Ahmed, que foi quen me achegou ao deserto tunisiano a bordo do seu 4x4**, porque, convén dicilo, sería completamente temerario aventurarse nesta inmensidade de area sen a axuda dun experto, e ademais non teño nada claro que non estea prohibido facer semellante tolería.

En medio de grandes e cambiantes dunas de continuo remexidas polo vento chegamos de mañá moi cedo á pequena vila de Douz, coñecida como a porta do deserto porque é o punto de encontro entre os habitantes dos oasis circundantes, algúns deles a moitos quilómetros de

distancia, e **os nómades bérberes, maioritariamente da tribo M'Razig**, que cada xoves acoden a unha praza pechada e con chan de terra para veren de mercar e vender cabras e dromedarios dos seus rabaños nun animado mercado no que os animais cambian de propietario logo duns arrevesados regateos en árabe ou en bérber que non puideron menos que me deixar fondamente abraiado, aínda que debo confesar que, malia o seu indiscutíbel exotismo, un sol implacábel que parecía querer derreter o mundo e unha evidente diferenza nos animais cos que se comerciaba, o ambiente non me resultou moi distinto do dos nosos mercados de gando tradicionais.

Os tratantes, seguidos dos seus rabaños, transitaron polas rúas pouco antes da saída do sol e cando por fin a luz do amencer iluminou a vila, por todos os seus recunchos comezou unha frenética actividade ao empezaren a se instalar postos nos que se vendía de todo, especias, froitas, calzado, roupa, nun ambiente de animación desbordante.

Logo de me deixar engaiolar polo rebumbio do mercado, xa baixo a tórrida calor do mediodía, Ahmed empezou a conducir polas estradas que se dirixen cara ao interior do deserto para me levar a **un lugar chamado Chott el Djerid**, un grandioso lago salgado cunha superficie de nada máis e nada menos que 7.000 km², bastante máis que toda a provincia de Pontevedra, e que permanece completamente seco durante o verán debido ao clima extremo da rexión, cunha precipitación anual de apenas 100 mm e unhas temperaturas máximas de 50°C que provocan que a auga se evapore con inusitada rapidez. Un xigantesco deserto de sal que se estende no interior doutro deserto aínda máis grande de area.

Foi aí, na colosal inmensidade branca de **Chott el Djerid**, por veces ocre e amarelada, onde por primeira vez na vida puideron entender a verdadeira realidade deses espellismos dos que tantas veces oíra falar nos libros e nas películas.

Cada vez que ollabamos o horizonte en dirección ao sol parecíanos percibir unha alongada capa líquida sobre a que aboiaban masas de cor negra de diferentes tamaños, pero non eran caravanas de nómades nin eran casas. Tampouco se trataba de palmeiras. En realidade nin sequera había auga. **Estabamos a ser vítimas dun simple pero sorprendente xogo do sol coa nosa vista.**

Logo de varias paradas para admirar a paisaxe coa debida calma que merecía cruzamos o lago reseco por unha estrada que transcorre pola súa parte máis estreita co obxectivo de nos dirixir á **cidade de Tozeur**, levantada á beira do oasis máis grande de Tunisia.

As **edificacións do barrio medieval de Ouled el Hadeb** están unidas entre si por un eficaz sistema de soportais que protexen os peóns das rigores da calor extrema, teñen rexeas portas de madeira de palmeira e, como foron construídas con adobe decorado con figuras xeométricas que evocan os debuxos das teas da rexión e as tatuaxes de *henna*, son dunha cor ocre que se fai máis rechamante cando chega o solpor.

A vida nesta cidade é tan tranquila que parece transcorrer ao ritmo que marca o son das súas innumerábeis fontes, que abastecen de auga un interminábel sistema de canles que se usa para regar un palmeiral no que se cultivan máis de **medio millón de datileiras** que abastecen mercados de todo o mundo.

Detrás da cidade de Tozeur, en dirección oeste, camiño da fronteira con Alxeria, a paisaxe empezou a se tornar cada vez máis hostil e houbo un punto no que **as estradas desapareceron sepultadas por un labirinto de dunas** que parecía non ter fin.

A xeito de curiosidade mencionarei que no medio da nada, nun lugar chamado **Ong Jemal**, a uns trinta quilómetros da localidade de **Nefta, que se levanta á beira de Tozeur** tamén a pé dun oasis repleto de palmeiras, aínda se erguen os decorados mandados levantar polo director de cinema **George Lucas** para a rodaxe da súa película **A guerra das galaxias** alá polo ano 1977 e agora se converteron nun foco de atracción de turistas e vendedores de trapalladas diversas.

Xa na mesma fronteira de Alxeria (no deserto o termo fronteira antóllaseme un pouco absurdo) chegamos ao **oasis de Chebika**, nunhas montañas moi ricas en cuarzo e xeodas de cristal que se levantan en medio dunha chaira dunha aridez extraordinaria. Para chegarmos ao manancial tivemos que camiñar por un sendeiro moi empinado baixo un sol de xustiza. Pero abofé que pagou a pena. Chebika é un espectáculo de auga moi fresca a caer polas rochas nunhas fervenzas de aparencia case imposíbel que rematan nunha pequena lagoa onde puidemos darnos un baño máis que merecido. **Moi pretiño deste oasis de montaña esténdense as ruínas dunha antiga vila** que ficou arrasada por unhas terríbeis inundacións alá polo ano 1969. Nesta terra reseca a auga ás veces resulta inusitadamente traizoeira.

Todo o mundo estará de acordo en que **o deserto do Sáhara é un dos lugares máis duros do mundo para vivir** por mor das súas temperaturas extremas e pola ausencia case total de auga, pero en medio das súas areas infinitas están agochados moitos lugares onde a paisaxe ten unha intensa capacidade para nos sorprender co son sempre tan agradábel dun manancial ou unha refrescante fervenza que dan orixe a un estoupido de verdor nun paraíso de palmeiras onde a vida leva séculos a se abrir camiño.

E aseguro que **ningún deses tesouros é un espellismo**.